

Visto o expediente 97/2026, a instrutora do procedemento formula a seguinte proposta de resolución para a súa aprobación, se procede, pola Comisión da Transparencia.

Asunto: Reclamación en materia de acceso á información pública

Núm. Expediente: 97/2026

Interesada: - - - - -

Organismo: Concello de Ribadeo

ANTECEDENTES

Primeiro. O 10.3.2026 - - - - - interpuxo ante a Comisión da Transparencia de Galicia unha reclamación, ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación presunta da súa solicitude de acceso á información pública presentada ante o Concello de Ribadeo o 25.1.2025.

Segundo. O 17.3.2026 a Comisión da Transparencia solicitou do Concello de Ribadeo a remisión do expediente administrativo ao que deu lugar a solicitude do 25.1.2026, así como a emisión dun informe sobre a reclamación presentada.

Terceiro. Non consta a remisión do expediente e informe solicitados.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia

O artigo 24.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante, LTAIP), de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o

Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, con carácter potestativo e con carácter previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

A disposición adicional cuarta da LTAIP establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas entidades locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

Pola súa banda, o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (en diante, LTBG), establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante a Comisión da Transparencia, correspondendo a este órgano a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 33 da mesma lei.

Ademais, a disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, tamén atribúe á Comisión da Transparencia de Galicia a resolución das reclamacións en materia de acceso á información pública, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de - - - - .

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 23.3 da citada LTBG establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da LTAIP.

Neste punto é importante considerar que o artigo 24.1 da LTAIP establece que as reclamacións en materia de acceso á información pública terán a consideración de substitutivas dos recursos administrativos, para os efectos do disposto no vixente artigo 112.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC). Segundo este artigo 112.2 da LPAC:

“As leis poderán substituír o recurso de alzada, en supostos ou ámbitos sectoriais determinados, e cando a especificidade da materia así o xustifique, por outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraje, ante órganos colexiados ou Comisións específicas non sometidas a instrucións xerárquicas, con respecto aos principios, garantías e prazos que a presente Lei recoñece ás persoas e aos interesados en todo procedemento administrativo”.

A configuración legal das reclamacións en materia de acceso á información pública coma un recurso substitutivo do recurso de alzada, de carácter potestativo, así coma o teor do artigo 112.2 *in fine* da LPAC, determinan xa a aplicación das previsións da LPAC en materia de recursos administrativos ao procedemento destas reclamacións. Así se establece, de feito, no artigo 24.3 da LTAIP, segundo o cal *“A tramitación da reclamación axustarase ao disposto en materia de recursos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común”*¹.

Terceiro. Prazo para a interposición da reclamación

O artigo 24.2 da LTAIP prevé como *“A reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo”*, debendo considerarse neste punto que, de acordo co artigo 24.4 da mesma lei, para o caso de falta de resolución das solicitudes en prazo, estas se entenderán desestimadas.

Pois ben, as previsións do artigo 24.2 da LTAIP han de entenderse moduladas, no que atinxe ao prazo para a interposición da reclamación no caso de desestimación presunta da solicitude, polo previsto no artigo 122.1 da LPAC que, ao regular o prazo para a interposición do recurso de alzada, establece que *“Se o acto non fora expreso*

¹ A referencia á Lei 39/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, hoxe derogada, debe entenderse realizada á LPAC.

o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo". Respecto á inexistencia dun prazo preclusivo para reclamar contra as desestimacións presuntas en materia de acceso, tamén se pronunciou o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no Criterio interpretativo 1/2016.

Pois ben, segundo resulta da documentación que consta no expediente, dende que a reclamante presentou o 25.1.2026 ante o Concello de Ribadeo a súa solicitude de acceso, transcorreu, con moito, máis do prazo dun mes co que conta a Administración para dar resposta á solicitude de acordo co artigo 20.1 da LTAIP.

Deste xeito, téndose xa producido a desestimación presunta da solicitude de acceso á data de presentación da reclamación o 10.3.2026 ante esta Comisión, a reclamación debe entenderse presentada en prazo.

Cuarto. O dereito de acceso á información pública

A Constitución española establece no seu artigo 105 b) que a lei regulará o acceso da cidadanía aos arquivos e rexistros administrativos, salvo no que afecte á seguridade e defensa do Estado, á pescuda dos delitos e á intimidade das persoas.

A este respecto a Sentenza do Tribunal Constitucional 164/2021, do 4 de outubro, indicou como este precepto non recolle unicamente un principio reitor da actuación das Administracións públicas, senón un auténtico dereito público subxectivo exercitable fronte a aquelas. Sinalou así a precitada sentenza:

«El art. 105 b) CE, encuadrado en el título IV, "Del Gobierno y de la Administración", incorpora un principio objetivo rector de la actuación de las administraciones públicas (art. 103.1 CE), derivado de exigencias de democracia y transparencia, así como un derecho subjetivo de las personas, ejercitable frente a las administraciones, con sujetos, objeto y límites definidos en el propio precepto constitucional, que fue desarrollado inicialmente en los arts. 35 h) y 37 de la

Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, y actualmente en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno.

(...)

A la vista de lo expuesto, debe señalarse que el acceso a la información integra el contenido de un derecho público subjetivo ejercitable frente a la administración que, no siendo absoluto, solo puede ser limitado por motivos predeterminados en la ley, en virtud de una previa ponderación de los intereses en juego. De este modo, la posibilidad de limitar el acceso a la información no constituye una potestad discrecional de la administración».

No mesmo sentido pronunciouse o Tribunal Supremo nas Sentenzas do 7.2.2023, rec. 8005/2021, e do 21.4.2023, rec. 350/2022, salientando tamén este Tribunal nas Sentenzas do 29.5.2024, rec. 1262/2023, e do 11.9.2025, rec. 7878/2024, a estreita relación do dereito de acceso á información pública coa transparencia na actuación administrativa e co principio de boa administración recollido no artigo 41 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

Tratándose, xa que logo, o dereito de acceso dun auténtico dereito subxectivo da cidadanía fronte ás Administracións públicas, o artigo 13 d) da LPAC recolleu, coma un dereito das persoas nas súas relacións con elas, “*o dereito de acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do ordenamento xurídico*”.

Como sinala a exposición de motivos da LTAIP, o acceso á información pública debe ser un dos eixos fundamentais da acción política pois “*só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun*

proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos”.

Neste sentido o dereito de acceso á información pública vén atribuído a tódalas persoas (artigos 12 da LTAIP e 24.1 da LTBG), sen que estas teñan a obriga de motivar a súa solicitude de acceso á información (artigos 17.3 e 26.4 da LTBG).

E, respecto do que ha de entenderse por “*información pública*” o artigo 24.1 da LTBG, seguindo o disposto no artigo 13 da LTAIP, a define coma os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da presente lei e que foran elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, engadindo que tamén se considerará información pública, a producida polas entidades que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, nos termos contemplados no artigo 4 da lei.

Deste xeito, a normativa de transparencia delimita o ámbito material do dereito a partir dun concepto amplo de información, que abrangue tanto documentos coma contidos específicos e se estende a todo tipo “*formato ou soporte*”. Ao mesmo tempo, acouta o seu alcance, esixindo a concorrencia de dous requisitos que determinan a natureza “*pública*” da información, cales son: a) que se atopen “*en poder*” dalgún dos suxeitos obrigados, e b) que fosen elaboradas ou obtidas “*no exercicio das súas funcións*”.

A amplitude no recoñecemento legal do dereito de acceso foi tamén recoñecida na Sentenza do Tribunal Supremo do 16.10.2017, rec. 75/2017, segundo a cal:

“en la Ley 19/2013 queda reconocido el derecho de acceso a la información pública como un auténtico derecho público subjetivo, al establecer que " Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105.b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley "(artículo 12); que la Exposición de Motivos de la Ley configura de forma amplia ese derecho de acceso a la información pública, del que son titulares todas las personas, y que podrá ejercerse sin necesidad de motivar la solicitud; que este derecho solamente se verá limitado en aquellos casos en que así sea necesario por

la propia naturaleza de la información -derivado de lo dispuesto en la Constitución Española- o por su entrada en conflicto con otros intereses protegidos; y, en fin, que, en todo caso, los límites previstos se aplicarán atendiendo a un test de daño (del interés que se salvaguarda con el límite) y de interés público en la divulgación (que en el caso concreto no prevalezca el interés público en la divulgación de la información) y de forma proporcionada y limitada por su objeto y finalidad”.

Quinto. Análise do expediente

A persoa interesada solicitou do Concello de Ribadeo unha copia do enunciado dos exames tipo test e dos supostos prácticos, así como das plantillas ou criterios de corrección aprobados, no procedemento selectivo para a cobertura dunha praza de persoal administrativo C1 (expediente 4514/2024).

A señora - - - - - non obtivo resposta á súa solicitude de información, polo que se viu obrigada a interpoñer unha reclamación fronte a esta Comisión.

Sobre este modo de proceder ha de salientarse que o dereito da cidadanía a solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da LTAIP e LTGB calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, por canto tal resposta é unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública.

Por outra banda, malia o requirimento efectuado o 17.3.2026, o Concello de Ribadeo non remitiu tampouco á Comisión de Transparencia unha copia do expediente e o informe solicitado, o que comporta un incumprimento da obriga de colaboración establecida no artigo 35.1 da LTBG. Segundo este precepto:

“Os suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei prestarán a colaboración necesaria ao Comisionado da Transparencia e á Comisión da Transparencia de Galicia para o correcto desenvolvemento das súas funcións, facilitando a información que lles soliciten no seu respectivo ámbito competencial”.

Neste punto cómpre sinalar que o criterio do Concello de Ribadeo sobre a reclamación presentada resultaba relevante na medida na que, á vista da solicitude da señora - - - - - , xorden dúbidas sobre se a agora reclamante participou no proceso selectivo respecto do cal solicita información, e sobre se este proceso selectivo rematara á data de presentación da solicitude de acceso do 25.1.2026.

Unha e outra cuestión resultan relevantes pois, de ter participado a señora - - - - - no proceso selectivo e non ter rematado este, a agora reclamante ostentaría a condición de interesada no procedemento, o que determinaría a aplicación da disposición adicional primeira da LTAIP, segundo a cal *“A normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte de quen teñan a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren no mesmo”*.

Esta previsión contida na disposición adicional primeira da LTAIP determina que a regulación do dereito de acceso recollida na LTAIP e, polo tanto, na LTBG, non resulte aplicable ás solicitudes de acceso formalizadas polos interesados nun concreto procedemento que estea en curso. Nestes casos as solicitudes de información han de resolverse consonte co disposto na LPAC, e contra a resolución que se dite non caberá a interposición dunha reclamación fronte a esta Comisión.

Pola contra, unha vez o procedemento teña rematado, os interesados nel poden exercer o dereito de acceso consonte á normativa de transparencia (neste sentido, as resolucións do Consello de Transparencia e Bo Goberno 240/2015, do 27 de novembro, e 407/2017, do 27 de novembro).

Á vista do que vén de sinalarse, e fóra do caso de que a señora - - - - - ostente a condición de interesada no proceso selectivo en curso, o xuízo desta Comisión debe ser favorable á estimación da reclamación presentada, procedendo recoñecer o dereito de acceso da reclamante á información solicitada.

Por último, a resolución que se dite polo Concello de Ribadeo concedendo o dereito de acceso, deberá formalizarse co ofrecemento de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se atopa a interposición, con carácter potestativo, dunha reclamación ante esta Comisión.

En base aos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA

Primeiro: Estimar, nos termos indicados no corpo desta resolución, a reclamación presentada por - - - - - contra a desestimación presunta da solicitude de acceso á información pública formulada o 25.1.2026 ante o Concello de Ribadeo.

Segundo: Instar ao Concello de Ribadeo a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, resolva a solicitude de acceso á información pública presentada pola reclamante, respectando as previsións do artigo 22 da LTAIP no que atinxe á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello de Ribadeo a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia unha copia da resolución notificada á persoa reclamante.



Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

- - - - - , na data da sinatura.

- - - - -

Presidente da Comisión da Transparencia.